

## 8 DE MARZO. CENTENARIO DO NACEMENTO DE F. CARBALLO

[8 de Marzo de 2025](#) Santiago Prol



**Portada e contraportada do díptico da homenaxe. Arquivo do autor**

Co gallo do centenario do seu nacemento, imprintamos no interior dese díptico, unha breve recensión que titulamos: **FRANCISCO CARBALLO, O FILLO EGREXIO DE MACEDA:**

O noso presbítero ilustrado naceu en Celeirón de Asadur (Maceda) o 8 de marzo de 1925. Ordenouse sacerdote en 1949 na catedral de Cuenca. Estudou Teoloxía, Historia e Socioloxía en Cuenca, Madrid, Barcelona e Roma. Foi director do colexio San Narciso de Marín, superior do centro San Vicente de Paúl de Barakaldo (Bizkaia) e reitor do teologado dos Paús en Salamanca.

Regresou a Galiza en 1973, con 48 anos de idade, inseríndose no colectivo de curas obreiros, aínda que puido ser bispo. Impartiu docencia na EU de Maxisterio de Vigo. Estivo en política –na órbita nacionalista– en primeira liña dende 1977 até 1985. Logo dedicouse á investigación e divulgación. Foi presidente da Asociación Cultural de Vigo e da empresa d’ANT. Tamén referente dunha escola de historiadores en clave galega.

Dende a primeira publicación sobre o Santuario dos Milagres do Monte Medo en 1963, foi imprintando textos de contido relixioso. Tamén arredor da nosa historia e persoeiros sobranceiros de Galiza. En 2002 fixo un libro de *Conversas* con Santiago Prol e Xan Carballa, que sintetiza a súa traxectoria; unha inmersión global na sociedade.



Placa Praza Francisco Carballo en Maceda. Foto: Santiago Prol

Colaborou sempre co que se lle demandou dende o seu concello natal. Impartiu conferencias en Maceda sobre o Cardeal Quiroga Palacios e Benigno Álvarez, o líder do Partido Comunista nos anos 30 na Galiza. Maceda nomeouno –por unanimidade do pleno municipal- como o “fillo máis sobranceiro vivo” en decembro de 1995. Explicitouse, con el presente eiquí, na homenaxe do 4 de agosto de 2000. Doou á biblioteca pública de Maceda –que hoxe leva o seu nome- boa parte da súa biblioteca particular e todos os seus libros de autor e coautor.

Morreu o 29 de novembro de 2014, con 89 anos, en Santa Marta de Tormes (Salamanca). Foi incinerado e logo soterrado co cemiterio de Asadur o 13 de decembro de 2014. O día 27 dese mes fíxose a Homenaxe de Galiza a Francisco Carballo no seu concello natal. Maceda perdía un dos seus fillos máis senlleiros; todo un referente na conformación dun proxecto historiográfico, social e cultural centrado no Noso País. Hogano, no centenario do seu nacemento, a Asociación Amigos de Francisco Carballo procura manter acesa a chama da súa memoria. **SANTIAGO PROL**

## FRANCISCO CARBALLO, O FILLO EGREXIO DE MACEDA

O noso presbítero ilustrado naceu en Celexón de Asadur (Maceda) o 8 de marzo de 1925. Ordenouse sacerdote en 1949 na catedral de Cuenca. Estudou Teoloxía, Historia e Socioloxía en Cuenca, Madrid, Barcelona e Roma. Foi director do colexio San Narciso de Marín, superior do centro San Vicente de Paúl de Barakaldo (Bizkaia) e reitor do teologado dos Países de Salamanca.



Regresou a Galiza en 1973, con 48 anos de idade, inseríndose no colectivo de curas obreiros, aínda que puido ser bispo. Impartiu docencia na EU de Maxisterio de Vigo. Estivo en política –na órbita nacionalista– en primeira liña dende 1977 até 1985. Logo dedicouse á investigación e á divulgación. Foi presidente da Asociación Cultural de Vigo e da empresa editora de *A Nosa Terra*. Tamén referente dunha escola de historiadores en clave galega.



Dende a primeira publicación sobre o Santuario dos Milagres do Monte Medo en 1963, foi imprimendo textos de contido relixioso. Tamén ardeor da nova historia e persoas sobranceiros de Galiza. En 2002 fixo un libro de *Conversas con Santiago Prol e Xan Carballa*, que sintetiza a súa traxectoria; unha inmersión global na sociedade.

Colaborou sempre co que se lle demandou dende o seu concello natal. Impartiu conferencias en Maceda sobre o Cardeal Quiroga Palacios e Benigno Álvarez, o líder do Partido Comunista nos anos 30 na Galiza. Maceda nomeouno –por unanimidade do pleno municipal– como o «fillo máis sobranceiro vivo» en decembro de 1995. Explicitouse, con el presente aquí, na homenaxe do 4 de agosto de 2000. Doou á biblioteca pública de Maceda –que hoxe leva o seu nome– boa parte da súa biblioteca particular e todos os seus libros como autor e coautor.



Morreu o 29 de novembro de 2014, con 89 anos, en Santa Marta de Tormes (Salamanca). Foi incinerado e logo soterrado co cemiterio de Asadur o 13 de decembro de 2014. O día 27 dese mes fixose a Homenaxe de Galiza a Francisco Carballo no seu concello natal. Maceda perdía un dos seus fillos máis senlleiros; todo un referente na conformación dun proxecto historiográfico, social e cultural centrado no Noso País. Hogano, no centenario do seu nacemento, a Asociación Amigos de Francisco Carballo procura manter acesa a chama da súa memoria. SANTIAGO PROL



ASOCIACIÓN AMIGOS DE FRANCISCO CARBALLO